



NOTA DE PRENSA

## O Colexio de Arquitectos e Gas Natural Galicia asinan un convenio para mellorar a formación dos profesionais da arquitectura

### Ampliaranse coñecementos técnicos no sector dos gas natural que permitirán un desenvolvemento enerxético sostible no ámbito da edificación

---

*Santiago de Compostela, 29 de abril de 2015 (Vía Láctea Comunicación).*- O decano do Colexio de Arquitectos de Galicia, **Antonio Maroño**, e o director de Gas Natural Galicia, **Roger Serrat**, asinaron hoxe un acordo de colaboración para mellorar os coñecementos técnicos no sector do gas natural dos arquitectos galegos, a través do desenvolvemento de actividades divulgativas e formativas sobre a implantación desta enerxía como opción enerxética para a edificación en Galicia.

Segundo manifestaron os asinantes, o contorno actual é proclive ao fomento de “alternativas de rehabilitación construtiva” e de “sistemas de instalacións” no ámbito da renovación, rehabilitación e rexeneración urbana. Así, o Colexio de Arquitectos de Galicia e Gas Natural Galicia comprométense a colaborar en actividades para unha mellora continua do sector da edificación, que permitan un mellor desenvolvemento enerxético sostible, especialmente vinculado á distribución de gas natural, e unha mellor formación e información dos axentes do sector. Organizaranse xornadas formativas, servizos de asesoramento, estudos técnicos conxuntos e edición de publicacións entre ambas entidades.

Gas Natural Galicia asesorará aos colexiados nos diferentes usos do gas natural para a dotación enerxética dos edificios, así como as aplicacións dispoñibles de alta eficiencia enerxética a gas natural. Ademais, a distribuidora ofrecerá asesoramento técnico sobre novas aplicacións do gas natural de moi alta eficiencia, especialmente indicadas para a calefacción e climatización dos sectores residencial e terciario.

Dentro do marco dste acordo de colaboración, Gas Natural Galicia tamén foi patrocinador da XVI edición dos Premios do Colexio de Arquitectos de Galicia, que se celebraron o pasado mes de marzo en Vigo.

Actualmente, Gas Natural Galicia, compañía distribuidora de Gas Natural Fenosa nesta comunidade autónoma, conta cunha rede de distribución de máis de 3.100 quilómetros de lonxitude e case 245.000 puntos de suministro en 69 municipios galegos onde distribúe gas natural, o que supón que o 65% da poboación galega está hoxe en disposición de utilizar esta enerxía. Nos últimos quince anos, a empresa realizou un esforzo de investimeto de 370 millóns de euros para mellorar a súa distribución de gas natural.

*NOTA.- Inclúe fotografías da sinatura do convenio*

**SAÚDOS**  
**PRENSA\_Colexio de Arquitectos de Galicia**  
**981 55 44 07/ 636 571 913**